



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A SUSCRIPCIÓN DUN CONVENIO ENTRE O IGAPE E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A ACOLLIDA DUN BOLSEIRO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

Primeiro.- Antecedentes

O obxectivo do programa de adquisición de competencias en materia de internacionalización empresarial é formar especialistas no ámbito da internacionalización empresarial mediante bolsas de formación práctica en internacionalización que se poderán levar a cabo no estranxeiro e/ou en Galicia, en entidades e/ou organismos oficiais relacionados coa internacionalización empresarial, tales como as oficinas do Igape ou da Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, axencias de promoción económica, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro, como se recolle nas bases do programa.

A través deste programa téñense formado case 400 especialistas en comercio exterior, sendo profesionais moi valorados polas empresas e xerando, polo tanto, unha boa empregabilidade. O programa de bolseiros conta con máis de 30 anos de existencia.

A formación dos bolseiros no estranxeiro se leva a cabo maioritariamente en oficinas do ICEX, có que xa existe un convenio firmado, e as Antenas do Igape. Pero existen certos destinos asociados a organismos distintos do ICEX, sobre todo para desenvolver a formación en Galicia, onde se fai necesario a firma dun convenio que regule as prácticas e formación dos bolseiros nos mesmos.

Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos polo convenio

Un dos eixes da estratexia do Igape de internacionalización da empresa galega 2021-2025 é promover unha cultura de internacionalización e lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e no impacto efectivo das exportacións da empresa galega. É fundamental a formación de capital humano en internacionalización para proporcionarlle ao tecido empresarial recursos altamente especializados –con coñecemento dos mercados exteriores e de aspectos clave do comercio exterior– e impulsar a súa contratación como apoio aos directivos e mandos intermedios de empresas en proceso de expansión internacional.

Para garantir o correcto desenrolo do programa o Igape precisa de entidades colaboradoras, que chamamos organismos intermedios (OOII en diante), que prestan as súas oficinas e tamén apoio de recursos humanos e supervisión dun titor para que estes xoves profesionais poidan formarse e especializarse na actividade económica de internacionalización das empresas. O Igape por si só non dispón dos medios



materiais e humanos para dar esa formación a todos os bolseiros seleccionados na convocatoria, polo que a firma dun convenio que regule a colaboración entre o Igape e os OOII é fundamental para o óptimo desenvolvemento do programa.

Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración con distintos OOII cós que se ven colaborando dende hai tempo en materia de internacionalización. De feito, moitos deses OOII están radicados en Galicia e mesmo son beneficiarios de subvencións que solicitan ao Igape para desenvolver a súa actividade a favor da internacionalización das empresas galegas ás que representan. A súa misión e estrutura están deseñadas para apoiar a expansión das empresas galegas e españolas nos mercados internacionais e para atraer investimentos estranxeiros a España.

Os OOII contan con oficinas e persoal especializado que poden acoller de maneira idónea a un bolseiro cós fin de lograr a súa especialización no eido da internacionalización das empresas. A maior parte dos OOII cós que se firman estes convenios dende hai tempo son galegos e teñen a súa actividade na nosa Comunidade, se ben pode haber outros organismos radicados noutros países cós que tamén se pode ser interesante a firma do convenio para aproveitar a súa ubicación estratéxica.

Cuarto.- Obxecto e contido

A acción proposta no convenio para o ano 2025 e 2026 é a seguinte:

A capacitación de profesionais en materia de internacionalización empresarial mediante formación práctica, coa finalidade de mellorar a empregabilidade e poñer á disposición das empresas galegas profesionais que as axuden a mellorar a súa competitividade.

A tal fin, o convenio recolle a colaboración por un ano (2025) e prorrogable por outro máis (2026) en paralelo á duración das bolsas e desenvolvemento do programa de bolseiros do Igape, que ten previsto o seu comezo en xaneiro de 2025 e poderíase estender ata o 30 de decembro de 2026.

Quinto.- Financiamento

O convenio non supón achega económica algunha por parte dos asinantes, correndo o coste da bolsa a cargo do Igape de acordo coas bases publicadas e aportando CTG as súas instalacións, equipamentos e supervisión por parte dun titor para a correcta realización das prácticas do bolseiro.



Sexto. - Xustificación e pagamento

Como consecuencia do enunciado na cláusula quinta, non está prevista a realización de ningún pagamento entre as partes.

A subdirectora de Internacionalización

Laura González-Dopeso Portela